

## SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN PROVINCIAL

## Anuncio

## TRÁMITE DE INFORMACION PÚBLICA

O Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo sito en Lugo, Rúa Tui 5 baixo, tramita un procedemento de constrinximento para o cobro das débedas ás Facendas Locais de Monterroso de D ABELARDO BATÁN GARCÍA con DNI 33716348G e derradeiro enderezo coñecido en Avda de Lugo 52 1º, Monterroso, Lugo.

A débeda ten orixe nos recibos do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica do vehículo con matrícula LU 006288I, Imposto de bens de natureza urbana dos inmobles con referencias catastrais seguintes: 5686718NH9358N0001IK, 5785202NH9358N0001LK, 5687943NH9358N0001RK, 6089810NH9368N0001HX, 5587101NH9358N0001OK, 5587102NH9358N0002LL, 5587102NH9358N0005XX, 5887910NH9358N0008OW, 5887910NH9358N0009PE, 5887910NH9358N0010IQ, 6089810NH9368N0002JM, 5887910NH9358N0001WK, 5587102NH9358N0001KK, 5587102NH9358N0003BB, 5587102NH9358N0004ZZ, 5587102NH9358N0006MM, 5587102NH9358N0007QQ, 5587102NH9358N0008WW, 5887910NH9358N0011OW, 5887910NH9358N0012PE, 5887910NH9358N0013AR, 5887910NH9358N0014ST, 5887910NH9358N0015DY, 5887910NH9358N0016FU, 5887910NH9358N0017GI, 5887910NH9358N0018HO, 6089810NH9368N0002JM, Imposto de bens de natureza rústica e Taxa de Auga, lixo e rede de sumidoiros.

Tendo constatado o falecemento do debedor e descoñecéndose o enderezo dos posibles heredeiros da causante e estando próximo o trámite de poxa dos inmobles embargados no procedemento,

## COMUNÍCASE

A apertura do trámite de información pública en base ao disposto no artigo 83 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo prazo dun mes iniciándose o cómputo do mesmo a partires do día seguinte ao desta publicación.

O expediente está disponible nas dependencias do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación sitas en Lugo, Rúa Tui 5 baixo aos efectos de comparecer para o seu exame ou achega de calquera documentación relacionada co suxeito pasivo.

Lugo, 11 de outubro de 2017.- O Xefe do Servizo, Emilio J. Fernández Pita

R. 3051

## CONCELLOS

## GUITIRIZ

## Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, por no se presentar reclamación ningunha durante o período de exposición ao público, elévase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 27/07/2007, relativo a "modificación da ordenanza municipal de residuos". Esta modificación da ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación rexendo en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

**Modificación da ordenanza municipal de residuos.****PREÁMBULO.**

Recentemente acaba de entrar en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA, en diante) que na súa Disposición Final Quinta establece que "En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley." En cumprimento desta Disposición, así como dos artigos 130 e 132 do mesma Lei, o Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o día 30/12/2016 aprobou o "Plan normativo municipal para o ano 2017" que recolle a Ordenanza municipal de residuos como unha das normas regulamatorias municipais a actualizar para o ano 2017.

Considérase que na modificación proposta se da cumprimento aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da LPA.

A modificación proposta respecta os principios de proporcionalidade dado que únicamente se da 1 tipo de modificación, dado, por outra banda, a súa recente aprobación e publicación no BOP de 10 de abril de 2015:

- Eliminación das referencias á normativa derogada (a Ley 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas).

Neste sentido a modificación atinxe a un único artigo , e para dar cumprimento ao principio de transparencia, esta modificación será obxecto de consulta pública nos termos do artigo 7 das "Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de Elaboración das Ordenanzas e Regulamentos", aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o 26/01/2017.

**Artigo único: Modificación do artigo 52.** Competencia e procedemento sancionador, cuxo teor literal será o seguinte:

1. Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaranse a cabo de conformidade ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Guitiriz, 4 de outubro de 2017.-A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 3032

### Anuncio

#### ORDENANZA REGULADORA DA INSPECCION TÉCNICA DE EDIFICIOS

##### INDICE

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

##### ARTIGO 1.- FUNDAMENTOS

##### ARTIGO 2.- OBXECTO

##### ARTIGO 3.- OBRIGADOS

##### ARTIGO 4.- ÁMBITO

##### ARTIGO 5.- EDIFICIÓNS SUXEITAS Á INSPECCIÓN

##### ARTIGO 6.- PROCEDEMENTO DE PRESENTACION DO INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS ( IAE)

##### ARTIGO 8.- CONTIDO DO INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS. FICHA TÉCNICA DO IAE

##### ARTIGO 9.- CARÁCTER DO INFORME

##### ARTIGO 10.- INFORME INCOMPLETO. SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS

##### ARTIGO 11.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DO INFORME. CALENDARIO

##### ARTIGO 12.- BASE DE DATOS DO IAE

##### ARTIGO 13.- CONSEQUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DA PRESENTACIÓN EN PRAZO DO IAE

##### ARTIGO 14.- RÉXIME SANCIONADOR

##### ARTIGO 15.- RÉXIME XERAL DO DEBER DE CONSERVACIÓN

##### ARTIGO 16.- CREACIÓN DO REXISTRO DE EDIFICIÓNS

##### DISPOSICIÓNS:

##### D.A. ÚNICA - CONVENIOS DE COLABORACIÓN

##### D.T. UNICA - CALENDARIO PARA A PRESENTACIÓN DO IAE

##### D.F. 1ª

##### D.F.2ª

##### ANEXO I .- FICHAS TÉCNICAS A CUMPRIMENTAR PARA O INFORME DE AVALIACIÓN DO EDIFICIO.

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola Constitución Española de 1978 no seu artigo 33º, o contido normal do dereito de propiedade está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de